



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DE ESTUDANTES DAS TITULACIÓNS DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA E DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑERÍA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral do Instituto Galego de Estatística

#### DECLARA

Que o Instituto Galego de Estatística (IGE) ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos, que comezará a producir efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura.

Que o convenio ten por obxecto establecer un programa de prácticas externas no IGE, para mellorar a cualificación profesional dos estudantes universitarios e facilitarlles a inserción no mundo laboral. Con estas prácticas, os estudantes poderán coñecer as técnicas e metodoloxías de traballo empregadas polo IGE e complementar a súa formación teórica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o estatuto do estudante universitario, no que se recolle o seu dereito a poder realizar prácticas en entidades externas.
2. Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudante universitario, no que se establece que se poderán realizar en entidades externas públicas e privadas.
3. Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do IGE, no que se regulan os seus plans anuais de actuación, que contemplan as prácticas de estudantes universitarios no apartado de cursos, seminarios e outras actividades formativas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non se poden satisfacer axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E, para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

Rosa Elvira Fernández González  
Secretaria Xeral do Instituto Galego de Estatística

